Diagnose Igualdade Compostela

Proceso participativo

CONCELLO DE SANTIAGO

Concellaría de Igualdade

ÍNDICE

1. Presentación (4)

2. Obxectivos (5)

3. Metodoloxía (5)

4. Plan de traballo (7)

5. Información e reflexións de diagnose xerados nos espazos de participación (9)

1. Presentación

O presente documento recolle o informe diagnóstico respecto da realidade e condicións de vida das mulleres compostelás.

A diagnose pretende ser o marco sobre o que asentar a actuación municipal no desenvolvemento das políticas de igualdade de mulleres e homes. Por outra banda, constitúe a base de traballo que axude na definición dunha futura ferramenta para poder intervir na acción municipal en materia de xénero de maneira sistemática e programada.

No proceso de deseño do diagnóstico foi crucial a reflexión estratéxica e a dimensión participativa na identificación de problemas e necesidades das mulleres, atendo os seguintes obxectivos:

1. O acrecentamento das capacidades de análise das diferentes visións: desde as persoas responsables do deseño de políticas públicas municipais e desde as entidades sociais, como axentes dinamizadores e articuladores de dinámicas de poboación.
2. Un incremento da implicación do persoal municipal, entidades e cidadanía.
3. A activación dos saberes e capacidades contidos da base social.

Neste contexto, e coa finalidade de recoller a máxima información, elaborouse un deseño de proceso aberto e participativo á sociedade e a diferentes axentes sociais. Buscouse a maior heteroxeneidade de informantes co obxecto de obter unha visión ampla da situación compostelá. Para levar a cabo este obxectivo tivéronse en conta metodoloxías de carácter cuantitativo e cualitativo.

A partir da información obtida analízase a dobre intención da diagnose dunha banda amosar a situación actual e doutra detectar as tendencias de cambio existentes coa fin de poder orientar as futuras políticas públicas para solventar as necesidades observables.

É relevante destacar que unha diagnose de igualdade é fundamentalmente unha ferramenta, un instrumento que serve para identificar necesidades e para deseñar actuacións dirixidas á superar as desigualdades persistentes entre mulleres e homes. Constituíndo un plano no que recoñecer ámbitos de millora e itinerarios de intervención.

En último lugar, e entendendo coma un proceso no que contamos cunha ampla colaboración, agradecemos a implicación dos diversos axentes que directa ou indirectamente participaron.

2. Obxectivos

Elaborar e contrastar o documento diagnóstico. Achegando unha prospectiva de tendencias e escenarios e unha identificación das prioridades de cambio e actuación nas desigualdades de xénero.

Elaborar un marco de referencia, que permita orientar as políticas e actuacións a desenvolver e aporte elementos de racionalización e coordinación de recursos municipais no ámbito da igualdade.

Activar sinerxías e referentes de consenso entre as entidades sociais e o Concello, reforzando a capacidade de diálogo co tecido social e, en definitiva, a construción dun capital social para un mellor desenvolvemento das políticas de promoción da igualdade.

3. Metodoloxía

A diagnose sobre a igualdade de oportunidades é unha ferramenta que permite analizar a realidade da situación de homes e mulleres coa fin de detectar os desequilibrios de xénero existentes. Proporcionando información e coñecemento desa realidade. Coa información recollida preténdese amosar a situación actual e detectar as necesidades de cambio coa finalidade de orientar as futuras políticas públicas municipais. A análise dos datos permite presentar unha foto fixa do Concello de Santiago de Compostela

A importancia de incorporar o *Mainstreaming de Xénero* leva implícita a intencionalidade de dar comezo a un proceso de cambio social, implicando considerables desafíos na concepción das políticas públicas, a administración dos recursos, a participación dos axentes relevantes e tamén das relacións interpersonais.

Á hora de realizar o deseño metodolóxico para este estudo, contemplouse a necesaria complementariedade entre a perspectiva cuantitativa e cualitativa, coa fin de dar resposta aos obxectivos xerais.

Esta complementariedade permite triangular as distintas técnicas de investigación social para a obtención de resultados, así como a utilización da análise de contidos como ferramenta de integración para obtención de resultados textuais.

Esquema metodolóxico



En calquera análise social a participación das persoas vinculadas co ámbito analizado son un elemento clave, para este fin deseñouse un proceso aberto á participación da cidadanía, coa posta en marcha de ferramentas específicas.

Análise cuantitativo. Análise e explotación de información estatísticos (recollido no apartado específico).

Análise Cualitativa

Unha ampla participación cidadán é fundamental para a realización dunha diagnose de igualdade.

- Entrevistas Individuais
- Mesas de Participación
- Encontro: Coa finalidade de dar cabida ás opinións e achegas da cidadanía, celebrase un Foro aberto á participación. Para garantir á maior asistencia posible realizouse unha invitación directa a todas as asociacións e organizacións rexistradas do Concello.

No deseño da diagnose tívose en conta dous niveis de análise: unha dimensión técnica analizada polo equipo de investigación e, outra, o conxunto de reflexións xeradas nos espazos de participación.

Partindo das distintas realidades das mulleres e do conxunto de necesidades sociais vinculadas, estableceuse un primeiro mapa de axentes como paso previo para identificar ás persoas a participar no proceso, procurando os seguintes obxectivos:

- Implicar ao conxunto dos actores relevantes no ámbito da igualdade.
- Integrar ás distintas perspectivas na constitución dun consenso social que corresponsabilice aos conxunto de participantes nas políticas de promoción da igualdade.

- Asumir o deseño do diagnóstico como unha oportunidade de desenvolver unha actuación pública de integración dos colectivos sociais, e definir unha estratexia de cooperación para o futuro.
- Construír, de maneira participativa un diagnóstico, articulando de forma integrada a información científica e a xurdida nos propios espazos de participación. O traballo destes espazos foi clave para organizar o coñecemento do diagnóstico de maneira funcional.
- Debater e contrastar o documento do diagnóstico.

4. Plan de traballo

Análise documental e estatística

A través de diversas fontes de información secundaria realizouse un primeiro esquema analítico sobre o contexto e realidade municipal no ámbito da igualdade.

Fontes estatísticas secundarias. As derivadas de organismos como o IGE ou o INE así como as publicadas polo Departamento de Estatística do Concello. A partir da análise destes materiais estableceuse un documento de partida a empregar como complemento do documento de diagnóstico final.

Entrevistas en profundidade

Realización de contactos e *entrevistas en profundidade con entidades asociativas* presentes no municipio. O obxectivo destes contactos foi o de presentar a iniciativa recoller opinións dirixidas a enriquecer estes contidos e conseguir a implicación destas entidades.

Realización de *entrevistas con persoas* que, pola súa traxectoria social ou profesional, poderían achegar perspectivas de interese que axuden a orientar o diagnóstico. As entrevistas permitiron, así mesmo, a recollida de información e reflexións e a súa implicación no desenvolvemento do proceso de investigación.

Considéranse como prioritarios os seguintes perfís: responsables de asociacións e colectivos de mulleres, defensa da igualdade, asociacións veciñais, culturais, sanitarias, de emprego, e outras entidades de carácter sectorial que desenvolvan o seu traballo no ámbito comunitario.
Entrevistas realizadas nos meses de outubro e decembro

Nome e apelidos	Entidade/departamento
Dolores Lajos	Psicóloga do CIM

Gloria Novo	Traballadora social do CIM
Encarna Otero	Ex Concelleira de Igualdade
María Xosé Agra	Doutora en Filosofía e Profesora de Filosofía moral e política da USC
Lola Ferreiro	Profesional da saúde e docente do Posgrao de Xénero. Universidade de Vigo
Isabel Diz	Docente Facultade Ciencias Políticas da USC
Rita Ralp	Profesora titular de Socioloxía e coordinadora do Centro Interdisciplinario de Investigacións Feministas e de Estudos de Xénero (CIFEX)
Patricia Porto	Educadora social e Experta en Xénero. Promotora da Librería de Mulleres Lilith
Paula Ríos	Mulheres Nacionalistas Galegas
Pili Estévez	Plataforma Feminista Galega
José Espósito	Colectivo Micromachiños, homes pola Igualdade

Mesas de traballo

Entendidas como nunha estratexia de ampliación da reflexión e garantir un alto grao de contraste da diagnose. Nas mesas confluíron diferentes entidades colectivos e mulleres facilitando a inclusión no debate dunha visión da situación das desigualdades en base a unha estrutura sectorial ou temática que aglutine todas as demandas dos diferentes sectores de intervención.

O obxectivo foi o de recoller e integrar no desenvolvemento global deste proxecto as súas experiencias, consideracións e melloras como un activo central para a reflexión e o contraste de propostas de actuación.

Mesa de Mulleres, emprego e relacións laborais.

Encontro de mulleres

Conformado polos colectivos e axentes socias e cidadanía en xeral, realizaríase unha sesión participativa de cara ao contraste e deseño dun diagnóstico compartido.
O Encontro concibiuse como un espazo de diálogo onde identificar as potencialidades e os retos que Concello e entidades deben traballar para promover accións de promoción da igualdade. Entre os seus obxectivos concretos estarían os seguintes:

- Establecer un lugar de encontro para o debate e a reflexión conxunta sobre as necesidades e estratexias de promoción da igualdade
- Identificar necesidades, demandas, recursos e posibles liñas de actuación.
- Definir canles e instrumentos que favorezan a inclusión e participación e igualdade das mulleres compostelás.

O encontro tivo unha duración aproximada de 2 horas. A súa convocatoria foi aberta á participación da cidadanía, dirixíndose especialmente ao conxunto das entidades asociativas do Concello.

O traballo realizado combinou o debate en pequenos grupos e a posta en común de conclusións en plenario.

5. Información e reflexións de diagnose xerados nos espazos de participación

5.1 Entrevistas

A continuación presentamos o conxunto de reflexións e problemas identificados por parte das mulleres e entidades entrevistadas.

Mulleres en Compostela...

- Percíbese o abandono do ámbito rural; un espazo amplo (demográfica e territorialmente) e descoñecido para a poboación.
- A falta dunha diagnose específica non nos permite coñecer con detalle a situación da poboación e máis en concreto das mulleres.
- Escasa atención ás necesidades das mulleres no rural e grandes dificultades na mobilidade.

- Pola contra, considérase o gran potencialidade do espazo rural de Compostela, desaproveitado para o comercio local, a promoción do produto de calidade e o comercio de cercanía.
- Identifícanse poucas iniciativas de atención e coidado ao comercio de proximidade (relacionado co abandono do ámbito rural).
- Compostela ten múltiples caras e diferentes realidades; reflectíndose nas múltiples manifestacións das necesidades das mulleres compostelás.
- En xeral, percíbese certa perda do liderazgo e protagonismo da cidade de cara ao exterior como cidade referente e precursora de políticas de mellora da calidade de vida. Un dos elementos ten que ver co enfoque negativo do turismo como motor económico da cidade.
- A imaxe de Compostela non responde á dunha cidade igualitaria.
- Por exemplo non se promove a recuperación da memoria histórica das mulleres da cidade. Falta de iniciativas para por en valor a historia das mulleres da cidade.

Ámbito laboral e empregabilidade

- Trasládase unha imaxe sesgada de ser Compostela unha cidade igualitaria no ámbito laboral pola gran concentración de emprego público. Pola contra son graves as desigualdades e precariedades laborais no "outro" motor económico da cidade: hostalaría e comercio, máis visibles entre as mulleres.
- A situación de recesión económica non favorece ao autoemprego e case sempre as tentativas acaban fracasando. Moitas das iniciativas de emprendemento, máis que consolidar novas vías de empregabilidade, responden a un impulso por facer algo ante as altas taxas de desemprego.
- Existe a percepción de que emprendemento está protagonizado maiormente por mulleres, un perfil, o do emprendemento feminino, que responde máis a unha vía de escape da precariedade, ou de circuítos e espazos nos que non se senten apreciadas, e de alternativa ao desemprego.
- Percíbese, en xeral, un escaso compromiso e promoción, por parte das diferentes administracións, para favorecer o emprendemento para as mulleres. Falta de información e servizos de apoio en materia de emprego dirixido a mulleres.

Conciliación vs Corresponsabilidade

- Coincídese en sinalar como o termo conciliación agravou a situación das mulleres; un invento do sistema económico para poñer nome á división sexual do traballo (produtivo/reprodutivo), supoñendo que as políticas de conciliación sexan unha sobrecarga.
- O problema segue a estar no mantemento da división sexual do traballo e dos roles diferenciados, na falta de racionalización dos horarios, de diagnose sobre os usos de

tempos na cidade. Neste sentido non hai feita unha reflexión política e social sobre o tempo e os horarios da cidade.

- Outro problema ten que ver coa institucionalización da crianza e a inexistencia de medidas que favorezan o uso dos tempos para o coidado en igualdade de condicións tanto para homes como para mulleres
- As políticas de conciliación van dirixidas nunha liña e consolidan a precarización do traballo das mulleres. As mulleres no mercado laboral non deciden, elixen entre moi poucas opcións.
- Situación, pois, de partida desigualitaria; os homes teñen tempo libre entendido como tempo propio e as mulleres o tempo libre dispoñible se dilúe en tempo de dedicación a tarefas de coidados, tempo familiar. As mulleres "ceden" o seu tempo libre para as crianzas mentres que os homes non ceden tempo propio.
- Neste sentido, coincídese en sinalar a ausencia de traballo dende o concello en favorecer a corresponsabilidade dos homes.

Políticas municipais en materia de Igualdade

- Non se visibiliza o compromiso coa igualdade, nin está presente na axenda política. Fálase de ausencia de incorporación da transversalidade da perspectiva de xénero no total das políticas municipais.
- Identifícase a necesidade de mudar a idea e a perspectiva de traballo de que igualdade é sinónimo de muller.
- O compromiso verbal e de intencións non ten correlato na praxis política. No ámbito da política o cuestionamento de xénero forma parte do discurso pero non se traduce en transformación social.
- Ausencia de formación e capacitación do persoal técnico e político do Concello en materia de xénero e igualdade de oportunidades.
- Gran carga conmemorativa dos datas sinaladas coa Igualdade, cando percíbese a necesidade de traballalas e dotalas de contido.
- A racionalización de horarios da cidade non forma parte do discurso político nin se evidencia na axenda política.
- Os sistemas de xestión e tramitacións administrativas considéranse lentos e complexos que aloxan e dificultan o acceso aos recursos.
- Ausencia de programas de acción social e educativa nos centros de ensino promovidos dende a Concellaría de Igualdade (infantil, primaria e secundaria) así como convenios coa USC para formar ao alumnado universitario.
- Pouca visibilidade e presenza das mulleres en política e constante "acompañamento" na proxección pública (en roldas de prensa, actos, presentacións, etc, sempre acompañadas de homes).
- Descoñecemento ou escasa información que se traslada á cidadanía respecto das liñas de acción en materia de igualdade. Programas, proxectos, políticas a implementar.

- No que respecta á elaboración de plans e accións para a igualdade son estandarizados e carentes de profundización e moitas das medidas en materia de igualdade son permeables e modificables.
- Ausencia de lóxica de políticas de carácter permanente ou de difícil volta atrás. Non se executan políticas con intención transformador.
- Escaso orzamento: non é unha prioridade.

Concellaría de Igualdade

- Non se percibe a Concellaría de Igualdade como unha concellaría con poder e con capacidade transformadora. A área de Igualdade está dentro dunha concellaría moi ampla, quedando diluída e relegada a un segundo termo. A área de Igualdade perde o protagonismo que debería ter e sen unha concellaría forte.
- Necesidade de que a Concellaría de Igualdade teña identidade propia e actúe con autonomía para así poder actuar de xeito transversal en todas as áreas municipais (vixiar a transversalización, monitorear a incorporación da perspectiva de xénero, implicar a todas as áreas de goberno).
- Mesmo apreciase a necesidade de contar cun instituto propio de igualdade, oficina de atención ou algún organismo que facilitara a implementación dende o punto de vista técnico-político.

Consello das Mulleres.

- Considérase fundamental este espazo para dar sostén ás políticas de igualdade e á propia Concellaría. Tamén como órgano consultivo que favorece as alianzas e os pactos entre mulleres e como reforzo para as políticas públicas en materia de igualdade.
- O Consello da muller que estaba funcionando comezou o seu fin no momento en que se abriu o espazo á participación dos servizos sociais. Perda do seu carácter e contidos. Comeza a ser mixto, e as organizacións feministas e de mulleres perden autoridade ao non ser organizacións asistencialistas.

A Casa da Muller.

- Reivindicación histórica do movemento feminista da cidade que nunca se veu materializado.
- Nunca houbo en Compostela un espazo específico para as organizacións feministas e colectivos de mulleres no que poder desenvolver as súas accións: reunión, participación, formación, biblioteca, actividades de lecer..
- A falta de espazo propio (Casa da Muller) dificulta moito a participación das mulleres e do mantemento do tecido asociativo feminino.
- Dificultades para acceder, polas propias características das asociacións/organizacións, aos espazos existentes: Casa das Asociacións que está pensada mais en clave de asociacionismo veciñal.

O Centro de Información ás Mulleres

- considérase insuficiente o número actual de profesionais do servizo para atender ás demandas e necesidades da cidadanía. Mesmo parte das profesionais do servizo son compartidas con outras áreas municipais, e hai a necesidade de persoal técnico especializado
- Como necesidades e recursos, identifícanse a falta de instrumentos de rexistro e recollida de datos propia e a ausencia de formación interna específica en materia de xénero para o persoal do CIM (e do Concello).
- Tamén se visibiliza a pouca coordinación con outras áreas municipais para desenvolver unha intervención transversal e con perspectiva de xénero.
- Carencia de ferramentas dixitais para a información e a comunicación cara o exterior propias (non hai web/blog propio autoeditable do CIM), repercutindo na invisibilidade para a cidadanía en xeral e a escasa sinerxía co movemento feminista da cidade. Actividade descoñecida por parte do movemento feminista compostelán.
- Baixo orzamento para promover accións sociais de programas de sensibilización e educativas preventivas en materia de igualdade fora do espazo do CIM.
- Perda paulatina de servizos específicos de prevención e atención a mulleres vítimas de violencia de xénero.
- O desmantelamento paulatino por parte dos diferentes gobernos nos últimos anos levou á súa invisibilización de tal xeito que agora mesmo está carente de proxección social. En xeral é un problema político e non das profesionais dos centros de información ás mulleres.

Outras institucións referentes na cidade.

- As desigualdades e o escaso compromiso institucional en materia de xénero non só se circunscribe ao ámbito municipal, outras institucións referentes na cidade carecen desta praxis. No caso da USC, aínda que foi pioneira na implantación de organismos de igualdade quédalle moito traballo por facer, trasladando moitas das súas eivas á incorporación posterior das mulleres universitarias no ámbito laboral e profesional.
- Ao tempo sinálase a falta sensibilidade e de promoción da corresponsabiliade na organización de tempos e horarios que inflúen negativamente nas dinámicas de participación e organización inclusivas e conciliadoras en igualdade. Ausencia de perspectiva de xénero no funcionamento e nos órganos de goberno.
- Claro espellismo de igualdade polas condicións laborais mais favorables do profesorado, pero non é real xa que son evidentes as desigualdades nas carreiras profesionais no entorno universitario de homes e mulleres.
- Freo importante nas carreiras das mulleres. Ate o doutoramento son mais ou menos equilibradas, pero a partir de aí van desaparecendo. A maternidade e as responsabilidades familiares coinciden co freo na carreira investigadora das mulleres

- Ao tempo, identifícanse outros aspectos como a escasa ou nula relación entre grupos de investigación en materia de xénero e o Concello mesmo a ausencia de oferta curricular para axentes de igualdade dirixido á capacitación de axentes públicos e privados no desempeño do seu labor dinamizadora no ámbito da igualdade.

Espazos de poder

- Os cambios de composición, lóxica de traballo, mesmo de denominación nas Comisións Feministas por Comisións de Igualdade dentro dos organismos e dos partidos políticos, o que supuxo a desaparición das reivindicacións feministas. Dentro das comisións de igualdade caben novos axentes e colectivos que masculinizan estes espazos propios das mulleres e das súas reivindicacións.
- Perda de influenza política do feminismo dentro dos partidos tradicionais, mesmo regresión en políticas de igualdade e perda de presenza e case desaparición das mulleres en política. Ou en moitos casos en clave tradicional asumindo padróns patriarcais e machistas.
- Ao tempo, existe a percepción de que mulleres e homes non falamos do mesmo cando reclamamos a Igualdade.
- É polo tanto, moi difícil facer política de xénero se non hai compromiso e non está interiorizada esa necesidade. A política segue a ser machista.
- Percepción de que a sensilibidade nas políticas de igualdade está sometida á presencia de mulleres feministas nos equipos de goberno.
- En xeral na sociedade, non se cuestiona o poder masculino dominante, non se visibilizan pasos atrás na cesión dos espazos por parte de homes e iso dificulta á participación en igualdade das mulleres.
- Moitos recelos polo medo á perda de “poder” e control das organizacións por parte dos homes.
- En política as medidas non son efectivas: as listas seguen encabezadas por homes. Mesmo a paridade é sempre en detrimento proporcional da presencia de mulleres (60% homes / 40% mulleres). Supostamente contamos con máis mecanismos igualitarios (listas cremalleira) pero non representan un cambio de modelo de participación en clave de igualdade.

Participación

- En xeral pouca participación do movemento asociativo na USC e escasa visibilidade do movemento feminista. Non se observa o repunte como noutras universidades ou na sociedade en xeral, nin entre o alumnado, nin entre profesorado ou persoal técnico (militancias particulares e individuais).
- Mulleres mozas moi participativas e activas. Reacción ante os retrocesos nos espazos de toma de decisións e nos dereitos.
- A participación vese mermada pola falta de información e de transmisión da propia

historia do movemento feminista e das mulleres.

- O 7N como punto de inflexión para a participación feminista e das mulleres e visibilizou novas alianzas entre mulleres e a volta ás rúas. O feminismo volve a ser suxeito político.
- Ausencia de instrumentos que faciliten a participación cidadá. O desmantelamento dos organismos de participación, caso dos consellos sectoriais, supuxeron unha barreira á participación cidadá.

5.2 Mesas de traballo

En total realizáronse cinco mesas de traballo ao longo do mes de decembro:

- Mulleres, empregabilidade e ámbito laboral. Martes, 1 de decembro.
- Benestar e calidade de vida: políticas socias, saúde e familias. Mércores, día 2 de decembro.
- Participación: empoderamento, visibilidades, políticas públicas e asociacionismo. Xoves, día 3 de decembro.
- Tempo de lecer (educación, cultura, deportes). Xoves, día 10 de decembro.
- Administración local e mainstreaming de xénero. Venres, día 11 de decembro.

A excepción da mesa do venres 11 (administración local) co persoal do Concello e que se desenvolveu en Raxoi, todas as demais celebráronse nas dependencias do CIM, no edificio de Servizos Sociais do Concello.

Nas mesas de traballo desenvolveuse unha metodoloxía común a todas elas, organizada nos seguintes tempos.

- Presentación (15 minutos)

Presentación persoas e entidades participantes na Mesa. Achegamento aos datos e explicación da xornada de traballo

- Traballo en grupos (30 minutos)

Unha vez feita unha primeira aproximación á situación das mulleres en Compostela, realizouse un traballo grupal de reflexión que nos permitiu identificar novas problemáticas. A formulación de dificultades sería de gran utilidade á hora de completar o traballo de análise cuantitativo e achegarnos outros escenarios e realidades das mulleres compostelás.

Como lóxica de traballo organizouse ás participantes en pequenos grupos onde profundizar e identificar novas problemáticas recolléndose as ideas en tarxetas, as causas asociadas e as consecuencias ou efectos que se derivan dos problemas.

- Posta en común (45 minutos)

Cada grupo expuxo as conclusións, trasladándoas ao panel onde se ordenaron e estableceron as relacións e nexos de unión.

Co obxectivo de recoller os diversos escenarios propuxéronse unha serie de preguntas sobre as que identificar os problemas:

Mulleres, empregabilidade e ámbito laboral

- Identificamos algún tipo de concentración espacial e física da cidade que fai que as mulleres esteamos presentes e/ou ausentes en determinados espazos da cidade?. Responde a unha feminización laboral e/ou dificultades de acceso ao emprego en determinados sectores produtivos?.
- A mobilidade e a rede de transporte pública facilita os horarios e acceso ao emprego?.
- Os servizos e recursos municipais para a o promoción do emprego son accesibles, visibles e responden a unha visión de xénero?.
- É Compostela un concello sensible coa racionalización de horarios?.
- Identificamos redes formais ou informais de mulleres e emprego?.
- Os espazos de representación profesional e laboral contan con representación feminina nos postos directivos e de toma de decisións?. Valórase a nosa participación?.
- Son ou están visibles as mulleres do rural na dinámica laboral do concello?. Onde?. En que condicións? Identificamos dificultades engadidas?.
- Os espazos educativos formais da cidade (FP, Secundaria, USC) están orientados a que as mozas formadas poidan incorporarse ao mercado laboral local?.
- Incorporan ou non criterios de igualdade de xénero nos sistemas de selección, capacitación, promoción e avaliación do desempeño persoal as empresas da cidade?.
- Cal son os perfiles ocupacionais con maior número de demandantes de emprego (forza laboral), posúen as mulleres as cualidades e competencias requiridas por o actual mercado laboral?.
- Hai espazos e relacións de alianza entre os axentes e institucións para desenvolver unha actuación en materia laboral ou profesional en clave de xénero?. Por que?.
- Existen e coñécense iniciativas empresarias referentes en empregabilide feminina? Reproducen modelos patriarcais ou permiten desenvolver novas relacións para a transformación social e laboral?.

Mesa mulleres, calidade de vida e benestar

- Cal é a situación, as carencias e dificultades das mulleres maiores compostelás?. E a situación, carencias e dificultades das mulleres rurais?. E as mulleres migrante; interculturalidade e conexión con redes de mulleres locais. Economía sumerxida (mulleres Invisibles)?.
- Violencia de Xénero: identificación das violencias cotiás que afectan á calidade de vida das mulleres na nosa cidade.

- Prostitución: Situación das mulleres en prostitución en Compostela.
- Estamos presentes as mulleres nos espazos de participación social?. Somos Invisibles no espazo público do concello?. Onde estamos e onde non?. Como estamos?.
- Racionalización de horarios: a organización dos tempos é discordante entre as necesidades reais da cidadanía e a oferta de servizos da cidade?.
- Os servizos públicos á infancia están organizados en horarios estritos ou máis ben flexibles para a coordinación cos horarios laborais e/ou necesidades das familias?. Por que?. Onde atopamos as maiores dificultades?.
- Están os servizos municipais dirixidos á conciliación das mulleres como público obxecto?. Como?.
- Que carencias identificamos respecto da formación, sensibilización, implicación do persoal sanitario e de benestar en materia de xénero e saúde das mulleres?.
- Que espazos inclusivos, que incorporen a igualdade de oportunidades, dirixidas á infancia e a mocidade hai no concello?.
- Que dificultades teñen as nais compostelás á hora de poder desenvolver unha maternidade e crianza (nas súas diferentes fases) con plena liberdade?.

Mesa Mulleres e Participación: empoderamento, visibilidades, políticas públicas e asociacionismo

- É Compostela unha cidade/concello, amable coas mulleres (mobilidade, accesibilidade, ordenación de espazos)? Cal é a imaxe que trasladamos cara fóra?.
- Identificamos lugares e espazos concretos ou perfiles con actitudes negativas asociadas na cidade á igualdade?. Onde?. Quen son?.
- Estamos presentes as mulleres nos espazos de participación social?. Somos Invisibles no espazo público do concello?. Onde estamos e onde non?. Como estamos?.
- Son ou están visibles as mulleres do rural na dinámica do concello?. Onde?. En que condicións?. Identificamos dificultades engadidas?.
- Os espazos de representación profesional contan con representación feminina nos postos directivos e de toma de decisións? Valórase a nosa participación?.
- Cal é a cultura participativa que hai na nosa cidade?. Que tipo de asociacións?. En que espazos?. Estamos presentes as mulleres?. E os grupos feministas?. Traballase con perspectiva de xénero?.
- En torno a que se organiza o movemento de mulleres en Compostela?. Que obxectivos ou retos se marca? Cal teñen que ver co ámbito do concello?.
- Hai participación de mulleres novas, onde?.
- Hai redes de mulleres: espazos para o traballo, para que, quen participa e quen queda fóra?.
- A igualdade e a perspectiva de xénero dentro do movemento asociativo. Barreiras para incluílo na práctica.
- Existen espazos de relación e traballo co concello?. Valoración.

- Espazos institucionais: Consello da Muller?. Como facer dela un espazo de participación real, dinámico e vivo?. Como se debera conformar e organizar?.

Mesa Mulleres e tempo de lecer

- Ata que punto dáse unha concentración espacial e física da cidade que fai que as mulleres esteamos presentes e/ou ausentes en determinados espazos de cultura e ocio?.
- Estamos presentes as mulleres nos espazos referentes da cultura, música, deporte e ocio de Compostela?. Onde estamos e onde non?. Como estamos?.
- Son ou están visibles as mulleres do rural respecto deste ámbitos?. Onde?. En que condicións?. Identificamos dificultades engadidas?.
- Cal é a cultura participativa no tempo de lecer que hai na nosa cidade?. Nas comisións de festas?.Que tipo de asociacións?. En que espazos?. Estamos presentes as mulleres?. Que aportamos?. Traballase con perspectiva de xénero?.
- Hai redes e espazos de traballo de mulleres (formais ou informais) no sector da cultura, produción artística, deportes, etc?. Para que, quen participa e quen queda fóra?.
- Os espazos de representación profesional contan con participación de mulleres nos postos directivos e de toma de decisións?. Valórase a nosa participación?.
- En que condicións estamos presentes as mulleres nos espazos de formación para a creación cultural e artística?. Acontece o mesmo nos niveis máis profesionalizados?.
- Carencias e problemas á hora de organizar actividades e deseño de programas para as mulleres.
- Carencias e problemas nos servizos municipais, dotacións deportivas. Tempos e uso de espazos.
- Actividades educativas e extraescolareas. Cal é a oferta?. Presencia de nenas e nenos?. Responden a actividades de ocio e lecer igualitarias, transformadoras e con perspectiva de xénero?.
- E desde os Centros Socioculturais?.

Mesa Administración local

- É Compostela unha cidade referente na promoción da igualdade de mulleres e homes?. Por que?.
- E como organización municipal respecto doutras administracións e organizacións presentes na cidade?. Que barreiras atopamos?.
- Como inflúe ás características do persoal municipal e as prácticas de xestión na igualdade de traballadoras e traballadores?. Situación laboral de mulleres e homes e adecuación dos perfís profesionais aos postos que desenvolven.
- Mulleres e homes recorren do mesmo xeito ás medidas para conciliación e a corresponsabilidade?
- Os procedementos e criterios de valoración do persoal inclúen o enfoque de xénero?.

- Estamos presentes as mulleres nos postos clave de xestión do Concello, e nas xefaturas de servizo?.
- Nos procedementos de contratación?.
- E nas diferentes Comisións?. Presidimos algunha?. E nos espazos de representación sindical?. Onde estamos e onde non?. Como estamos?.
- Valoración da centralidade da área municipal de igualdade?. Identifícanse redes e dinámicas colaborativas con outras departamentos e áreas?. Como?.
- Normalización da utilización de uso non sexista da linguaxe e protocolos de comunicación inclusiva non sexista. Dificultades.
- Incorporación de datos de participación de mulleres e homes nas actividades e actuacións municipal. Estatísticas. Dificultades.
- Formación. Necesidades identificadas, como formar, contidos?
- Dificultades e potencialidade do Concello para definir e desenvolver políticas con enfoque de xénero.
- Compromiso político pola igualdade. Barreiras detectadas.

Participantes mesas de traballo

Nome e apelidos	Entidade/departamento
Sara Santos	Asociación Hostalería Compostela
Rita Sobrado Pérez	Asociación Hostalería Compostela
María Caeiro	Empresa
Cristina Doel	Catrineta, conservas artesanais
Brigida Hermida	Xerarte
Lara Barros	Sindicato Labrego Galego
Ricardo Turnes Mejuto	UXT
Lucía Freire	CIG
Mar Pernas	UGACOTA
Leticia Jorge	AESGAL
Eva Aguayo	Oficina Igualdade de Xénero USC
Elena Gómez-Segade	Federación ANPAS Compostela
Helena Noriega	Mámoa Asoc Galega Pro Lactación Materna
Xiana García Míguez	Mámoa Asoc Galega Pro Lactación Materna
Mercedes Martínez	Título persoal
Alicia Ares	Título persoal
Isabel De Andrés	Asociación de mulleres viuvas Rosalía de Castro
Carmen Lema Martínez	Asociación de mulleres viuvas Rosalía de Castro
Pastora Nieto Gómez	Asociación de mulleres viuvas Rosalía de Castro
Aroa Martínez Mosquera	ARELA, Apoio á infancia e a mocidade
Inés Fernández de Córdoba	Médicos do Mundo

Verónica García	Título persoal
Rita Ralf	USC
Ana María Balbo	AMICO, Asoc Persoas co Discapacidade
María Jesús Pérez Piñeiro	ACADAR, Mulleres con discapacidade
Helena Capera Cullell	Conas Ceives
Alejandro Quiñoa	Coordinadora Galega de ONGs
Rosa Andión Otero	Exeria Mulleres Cristiás
Bea Estévez Lorenzo	Exeria Mulleres Cristiás
Marta Febles Díaz	Ultreia, LGTBI Compostela
Mada Melendez	Vogalía Mulleres AVV A Xuntanza
Pilar Millán Costado	O Parto é Noso
Sarai Fernández	O Parto é Noso
Isabel Taboada Mougán	Colexio de Educadoras Sociais. Fiadeiras
Raquel López Fernández	Colexio de Educadoras Sociais. Fiadeiras
Verónica Álvarez	URDIME
María Jesús Lago	Santiago Futsal
Jorge Carballido	UMAD
Javier Fernández	Área Urbanismo
Maite Fernández	Atención á cidadanía
Iria Feijoo	Prensa
Dolores Lajos	CIM
Gloria Novo	CIM
Yolanda Ferro	INCOLSA
Rosa González	TUSSA
Diana Parente	Policía Local
Carmela Domínguez	Área de Persoal
Berta Rosón	Licenzas e disciplina urbanística
Belén Hernández	Consorcio

A continuación presentamos as diferentes problemáticas identificadas, as causas asociadas e as consecuencias derivadas.

Mesa de mulleres, empregabilidade e condicións laborais

Problemas, causas e consecuencias

Mulleres do rural

Problema	Invisibilización e desvalorización das mulleres labregas
Causas	Invisibilización e desvalorización do mundo rural. Compostela é concello que vive de costas ao seu rural.
Consecuencias	Nos espazos de traballo e de encontro como a Praza de Abastos non se dan condicións dignas para a venda. Xornadas de traballo e horarios para a venda en condicións duras. Desprazamentos desde o rural en horarios sen servizo de transportes urbano. Falta de dereitos profesionais. Sobreexplotación e tarefas de traballo duras que afectan á saúde das mulleres. Falta de relevo xeracional.

Mulleres e formación

Problema	Estereotipos de xénero na escolla da formación universitaria por parte das mulleres
Causas	Estereotipos inculcados na infancia que continúan no ensino secundario. Ausencia ou mala adecuación das políticas ou servizos informativos e para a orientación de estudos con perspectiva de xénero.
Consecuencias	Limitación de posibilidades de opcións laborais.

Problema	Barreiras de acceso á oferta formativa existente. Na formación para emprender non hai mecanismos de conciliación.
Causas	Imposibilidade de conciliar. Falta de tempo.
Consecuencias	Non somos competitivas. Non estamos formadas.

Ámbito laboral

Problema	Só as empresas con máis de 250 persoas contratadas están obrigadas a facer un Plan de Igualdade.
Causas	O tecido empresarial de Compostela, na súa maior parte, é pequena e mediana empresa, polo que non ten Plans de igualdade.
Consecuencias	As prácticas empresariais en materia de igualdade cínguense á voluntariedade das empresas. Non se dan ou se descoñecen iniciativas de boas prácticas e experiencias en igualdade no sector empresarial local.

Problema	En espazos concretos como o polígono industrial non se aprecia a igualdade de xénero.
Causas	Desigual presenza de xénero nas distintas actividades económicas.
Consecuencias	Perpetúase a segregación de xénero entre sectores.

Problema	Maioría de homes nos postos directivos (maioría para falar e minoría para traballar)
Causas	Sometidas a máis xuízo. Desgaste emocional e físico. Sentimento de culpa no ámbito familiar, en relación ás responsabilidades familiares.
Consecuencias	Sobrecarga de traballo. Toma de decisións sen ter en conta ás mulleres.

Problema	Nos ámbitos de representación profesional e laboral hai dificultades para poñer en valor ás mulleres e as súas capacidades de incidencia.
Causas	Cando hai presenza feminina, están moi condicionadas ao modelo patriarcal das asociacións.
Consecuencias	Instálanse certos medos e precaucións á hora de participar, desaproveitando o noso potencial transformador.

Conciliación vs corresponsabilidade

Problema	Dificultade ou imposibilidade para conciliar a vida laboral e familiar.
Causas	Compostela é unha cidade orientada ao turismo nos servizos e produtos que oferta, condicionando os horarios de sector hostaleiro. O mesmo acontece por ser unha cidade universitaria e orientada ao ocio. Non hai racionalización de horarios. Sectores con peso no emprego, como o turismo ou o comercio, teñen horarios moi complicados para a conciliación.
Consecuencias	As mulleres destes sectores ven agravado a posibilidade de conciliar a vida persoal, laboral e familiar.

Problema	O modelo de conciliación non axuda (necesidade de traballar sobre a corresponsabilidade)
Causas	Ausencia de axudas para conciliar e equilibrar as responsabilidades. Falta de asesoramento e mala orientación das políticas neste ámbito.
Consecuencias	Prodúcese a necesidade dunha dedicación exclusiva: ou persoal e familiar ou laboral.

Emprender

Problema	Falta de visibilidade de proxectos de emprendemento feminino.
Causas	Falta de autoestima ligada ao emprendemento, de consideralo algo positivo.
Consecuencias	Retráese a iniciativa empresarial. Falta de referencias.

Problema	Falta de espazos relacionais para intercambio no emprendemento
Causas	Pouca visibilidade de mulleres emprendedoras ou empresarias. Descoñecemento da nosa participación nas iniciativas emprendedoras.
Consecuencias	Non se trasladan, nin aprendemos doutras experiencias, das formas de facer, experiencias e coñecementos.

Momento de traballo grupal da Mesa de emprego

Mesa mulleres, benestar e calidade de vida

Problemas, causas e consecuencias

Saúde e xénero

Problema	Androcentrismo na Saúde
Causas	Non atender, desde a comunidade médica, aos aspectos de sexo como un elemento diferenciador é clave nas doenzas e enfermidades das mulleres. Concentración na área de Compostela de profesionais da saúde maiores e con prácticas pouco aperturistas.
Consecuencias	Invisibilidade dos problemas patolóxicos propios e diferenciais das mulleres. Hipermedicalización e hiperdiagnose Ausencia de protocolos específicos das doenzas das mulleres “Ser muller e acudir ao médico é un factor de risco”

Problema	Violencia obstétrica no CHUS
Causas	Traslado ás mulleres do embarazo como algo negativo, como un problema e mesmo visto como enfermidade. No CHUS hai prácticas de parto e coidado desaconselladas pola OMS. Infantilización da muller no embarazo.
Consecuencias	Aumenta cada ano as mulleres buscan parir fóra de Compostela: Salnés, Barbanza, ou mesmo na casa.

Problema	Falta de formación de profesionais da saúde sobre cuestións de saúde feminina relacionada coa crianza, como a lactancia.
Causas	Persoal que non se forma nin se recicla. Os profesionais non aceptan as críticas das nais.
Consecuencias	As mulleres temos que informar ao persoal sanitario dos nosos dereitos e dos medicamentos que podemos tomar compatibles coa lactancia.

Problema	Falta de concienciación de profesionais da saúde sobre as necesidades das familias nos ingresos hospitalarios de nenas e nenos
Causas	Os espazos hospitalarios están deseñados para o uso de profesionais médicos e non das familias. Non se teñen en conta ás necesidades e comodidades do coidado e o seu vínculo afectivo coas nenas e nenos. Descoñecemento ou escaso interese desde as profesionais de coidados e atención afectiva e facilitadora para as familias.
Consecuencias	Separación da nai e bebé no caso de ingreso da nai. Habitacións de lactantes con berce e cadeira. Non se permiten compartir camas. Os nenos e nenas son sometidos a probas médicas en soidade. Vivir os coidados hospitalarios de maneira máis gravosa para as familias, nenas e nenos.

Problema	Ausencia de recursos para interrupcións voluntarias do embarazo.
Causas	Comunidade médica tradicional e con posturas negativas a ditas prácticas. Privatización dos centros e do servizo
